



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Servizo de Persoal Docente e investigador

NOVA COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA NÚMERO 15/3034, LOGO DA SUBSTITUCIÓN DE DOUS MEMBROS

Por resolución reitoral do pasado día 9 de setembro publicouse a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ás prazas número 15/3001 a 15/3048 convocadas a concurso de méritos por resolución reitoral do 21 de xullo de 2015.

Na dita resolución do 9 de setembro, facíase pública igualmente a composición das comisións de selección encargadas de xulgar os concursos para a provisión destas prazas (anexo II).

Presentados dous escritos de recusación respecto a dous profesores que foran nomeados como secretario e vogal titulares, respectivamente, da comisión de selección para a praza número 15/3034, por resolución reitoral do día 18 de setembro de 2015, e logo dos trámites procedimentais correspondentes, estimáronse as mencionadas recusacións, procedendo a establecer, de conformidade coa normativa de aplicación, a nova composición da Comisión de Selección:

A composición da Comisión de Selección da praza número 15/3034, logo de facer as correspondes substitucións é a seguinte:

Presidente: D. Álvaro Baaliña Insua, profesor titular de universidade.

Secretario: D. José Carbia Carril, profesor titular de universidade (de conformidade co apartado 6.5 da normativa reguladora destes concursos).

Vogal 1º: D. Enrique Juan García-Bustelo García, profesor titular de universidade.

Vogal 2º: Dª María Luisa Fernández Feal, profesora titular de universidade.

Vogal 3º: D. Alberto Arce Ceinos, profesor titular de universidade.

Representante traballadores: D. José Carlos Santos Paz, profesor titular de universidade.

Contra a resolución reitoral do 18 de setembro de 2015 non cabe interpoñer recurso ningún, sen prexuízo de que os interesados poidan, se é o caso, facer as alegacións que estimen oportunas nos recursos que procedan contra a resolución que poña fin a procedemento, neste caso o do concurso da praza 15/3034, de profesor axudante doutor.

A Coruña, 21 de setembro de 2015

O reitor

P.D. (R.R. 16-01-2012)

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente

Gustavo Rego Veiga